



A CAPELA SISTINA



O 31 de outubro de
1512 inaugurábase a
Capela Sistina no
Vaticano, logo de que
Miguel Anxo Buonarroti
rematara as pinturas que
lle foran encargadas polo
Papa Xulio II. Un Papa
anterior, Sisto IV,
comezara a súa
restauración en 1480.
Desde hai varios séculos,
celebranse nela os
cónclaves para a elección
dun novo Papa







A planta da Capela é un rectángulo de $40,9 \times 13,4$ m, que son as dimensións do Templo de Salomón, de acordo coa Biblia. A súa altura é de 20,7 m. Presenta 6 fiestras en cada un dos lados longos, e 2 nos curtos. O interior está dividido en dúas seccións por unha verxa. A diferenza da maioría das igrexas, non posúe acceso exterior: éntrase a ela desde outras dependencias do complexo da Cidade do Vaticano

Maís a Capela é famosa sobre todo pola súa decoración interior, obra de artistas italianos moi sobranceiros, como Rafael (autor duns tapices que hoxe non se conservan), Miguel Anxo e Botticelli. Estes dous son, entre outros, autores dos enormes frescos murais interiores








Os muros están divididos en tres seccións decorativas. Na parte central Sandro Botticelli e outros pintaron varias escenas das vidas de Moisés e Cristo. Na zona máis alta, á altura das fiestras, Miguel Anxo situou figuras de varios Papas e tamén dos antergos de Cristo




Os frescos máis espectaculares, obra de Miguel Anxo atópanse no teito e na parede do altar. No teito pódense ver nove pinturas que representan outros tantos episodios do libro bíblico da Xénese. Todos eles son exemplos da técnica do trampantoxo, un efecto de tres dimensións. Para pintalos, o propio Miguel Anxo construíu un complexo andamio suspendido. O de maior sona é aquel no que aparece Deus dándolle a vida a Adán





Miguel Anxo traballou na Capela Sistina entre 1508 e 1512. Entre os encargos que lle fixo Xullo II estivo o de repintar a parede do altar, para o que o artista se centrou no tema do Xuízo Final. O seu traballo foi obxecto de censura, xa que pouco máis tarde os xenitais das figuras que aparecían nuas foron “tapados” con prendas pintadas

Entre 1984 e 1994
realizáronse traballos de
restauración dos frescos, non
exentos de polémica, que hoxe
nos permiten ver con maior
brillantez a obra de Miguel
Anxo e os demais mestres
italianos que alí traballaron



AUTOR: Alfonso Blanco

MÚSICA: *Pavana con glosa*, de Antonio de Cabezón

